

A festa do libro galego entregou os seus premios reclamando que a lingua non sexa "expulsada da vida cotiá"

domingo 12, maio 2019



Carmen Hermo recolle o premio ao mellor libro ilustrado por 'Man de Camelle' © Kalandraka

Compostela acolleu este sábado pola noite a cuarta edición dos **Premios Gala do Libro Galego**, organizados conxuntamente pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editoras (AGE) e a Federación de Librarías de Galicia (FLG).

Feron premiadas María Xosé Queizán, Maria Teresa Horta e Antonio Fernández Maira

No acto, ademais de outorgar os galardóns correspondentes a obras publicadas ao longo de 2018, entregáronse tres premios honoríficos, un por cada unha das entidades convocantes. O Premio Honorífico á Editora, concedido pola Xunta directiva da Asociación Galega de Editoras,

correspondeu a **María Xosé Queizán**. O Premio Honorífico á Libraría, concedido pola Xunta directiva da Federación de Librarías de Galicia, foi para **Antonio Fernández Maira**. Finalmente, a distinción Escritora Galega Universal, concedido pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, foi para a autora portuguesa **Maria Teresa Horta**.

Cesáreo Sánchez denunciou a "precariedade" na que vive o sistema cultural galego e o sector do libro

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, falou en nome dos tres colectivos, nun discurso no que **alertou da "precariedade" na que vive o sistema cultural galego e o sector do libro**. Precariedade para os escritores e escritoras, e tamén para as editoras, que regresaron "a tempos previos á creación da administración autonómica". E, igualmente, precariedade da rede das librarías, que "fai que moitas sobrevivan grazas ao voluntarismo dinamizador das libreiras e libreiros".



Intervención de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG © AELG

"Vainos a existencia en que a Nosa lingua non sexa expulsada da vida cotiá, pois é alarmante o descenso de falantes", alertou o presidente da AELG

Sánchez Iglesias subliñou neste senso as eivas para a propia lingua galega, **denunciando os efectos de dez anos de aplicación do Decreto de plurilingüismo** e lembrando que "máis do 70% dos centros das cidades realizan o primeiro ensino maioritaria ou exclusivamente en castelán".

"Estamos no tempo da difuminación dos trazos identitarios provocados pola globalización que non tolera a diversidade lingüística ou cultural, mais para se facer efectiva ten que ter a complicidade necesaria de determinadas estruturas políticas da Galiza que, paradoxalmente, naceron para protexer a Nosa cultura, e pór en valor o noso idioma", dixo o presidente da AELG. **"Vainos a existencia en que a nosa lingua non sexa expulsada da vida cotiá**, pois é alarmante o descenso de falantes, sendo esta imprescindíbel para a creación e a transmisión da cultura e do coñecemento", concluíu.

Premiados e premiadas

- **Ensaio e investigación:** *Común temos a patria. Biografía dos irmáns Villar Ponte*, de [Emílio Xosé Ínsua](#) e [Xurxo Martínez González](#) (Edicións Xerais de Galicia).
- **Divulgación:** *Castelao na arte europea*, de [Siro López](#) (Garañón Editora).
- **Narrativa:** *Natura*, de [Iolanda Zúñiga](#) (Editorial Galaxia).
- **Infantil:** *Os contos da avoa Pepa*, de [Francisco Xosé Fernández Naval](#) (Kalandraka Editora).
- **Xuvenil:** *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, de [Antonio M. Fraga](#) (Urco Editora).
- **Libro ilustrado:** *Man de Camelle*, por [Carmen Hermo](#) (Kalandraka Editora).
- **Libro de banda deseñada:** *O puño e a letra*, por VV. AA. (Edicións Xerais de Galicia).
- **Iniciativa bibliográfica:** *Biblioteca de Pedagogía*, por Kalandraka Editora.
- **Tradución:** *A señora Dalloway*, de [Virginia Woolf](#), por [Celia Recarey Rendo](#) (Irmás Cartoné).
- **Poesía:** *Memoria do corpo*, de [Xesús Rábade Paredes](#) (Editorial Galaxia).
- **Teatro:** *Eroski Paraíso*, de [Chévere](#) (Kalandraka Editora).
- **Libro mellor editado:** *Seis Poemas Galegos*, de [Federico García Lorca](#) (Alvarellos Editora).
- **Iniciativa cultural ou fomento da lectura:** *Asesoría de Bibliotecas Escolares*.
- **Proxecto literario na rede:** *Brétemas*, de [Manuel Bragado](#).
- **Xornalismo cultural:** *Revista Luzes*.